

CARTACES *de* CINE *de* CHECOSLOVAQUIA 1960-1989



Del 13 de marzo ao 4 de abril de 2008

Biblioteca Universitaria Concepción Arenal
Facultade de Ciencias da Comunicación

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

NĚŽNĀ



Francouzský film R. Bressona podle stejnojmenné literární předlohy F. M. Dostojevského

O cartaz é un medio de comunicación que actúa como reclamo, como medio da cultura de masas e iniciador dunha cultura visual que chega até a actualidade, contribuíndo a aumentar considerabelmente a publicidade de infinidade de produtos comerciais, desde festas populares, recursos turísticos, balnearios..., até causas políticas e, lóxicamente, producións cinematográficas.

Desde o seu nacemento, o cartaz foi protagonista de todos os eventos culturais de relevante importancia na sociedade europea. A combinación de imaxes e textos nun formato atractivo e económico favoreceron o seu desenvolvemento, alcanzando a categoría de arte grazas ao cartaz feito por Toulouse-Lautrec en 1891 para Moulin Rouge. É que o cartaz non ficou á marxe das correntes artísticas do século XX, mantendo unha especial relación coa pintura, especialmente na súa primeira etapa: estilos como o Prerrafaelismo, Art Nouveau, Racionalismo, Cubismo, Construtivismo, Futurismo ou Neoplasticismo...están presentes na estética dos cartaces até a Segunda Guerra Mundial e percorren igualmente boa parte da literatura de vangarda do momento.

O cartaz contará coa súa propia linguaxe estética marcada polas cores planas e grandes masas cromáticas, imaxes moi definidas e a introdución de textos; elementos que evolucionarán coa chegada das técnicas fotográficas e, posteriormente, das creacións por computador, que revolucionaron completamente a súa estética.

A Universidade de Santiago de Compostela comprácese en acoller a mostra *Cartaces de Cine de Checoslovaquia. 1960-1989*, organizada polo Centro de Linguas Modernas da USC e o Centro Checo en Madrid, coa que se pretende dar a coñecer unha parte do seu patrimonio cinematográfico, mostra da cultura deste país; mais tamén co ánimo de que non sexa considerado tan só como obxecto publicitario, senón como contributo par ao seu ensalzamento e para colocalo no lugar que se merece. O interese polo cartaz cinematográfico está intimamente relacionado coa nosa memoria máis recente, coa memoria dun país e de varias xeracións que contemplaban o cinema como unha xanela aberta á imaxinación e á vida. Checoslovaquia achéganos a Compostela unha parte da súa historia: este repaso cos mellores filmes checos e estranxeiros feitos da man dos artistas checos máis recoñecidos.


Elias J. Torres Feijó
Vicerreitor de Cultura
Universidade de Santiago de Compostela

Carteis de cine. Cine nos carteis

Texto redactado por Eliseo de Pablos, comisario da exposición en Segovia.

O cartel pertence a esa clase de soportes publicitarios que podían denominarse “amablemente próximos”. E non soamente os valoramos pola súa mensaxe senón tamén polas súas propostas estéticas que xa elevou Toulouse-Lautrec en 1891 á categoría de arte co seu famoso “Moulin Rouge”. Curiosamente, sería un checo afincado en París, Alphonse Mucha quen uns anos máis tarde, vai revolucionar o cartel cun estilo decorativo que fará del un importante soporte artístico a partir de 1864. A finais do século XIX o cartel popularizouse nunha gran parte dos países europeos e pasou a ser de uso cotián como soporte publicitario, como creación artística, e en moitos dos casos como ambas cousas á vez. A partir de 1925, art-deco, xeneralízase o emprego do cartel cinematográfico fundamentalmente cunha finalidade comercial e divulgativa, pero coidando case sempre unha estética artística que debía ter en conta non só as liñas argumentais das películas, senón tamén as estratexias mercantís de produtoras e distribuidoras. É, pois, unha arte condicionada a un fin concreto, levar espectadores ás salas de cine. Non obstante ao apuntado anteriormente, o propio cartel transcende á súa finalidade comercial e resulta unha proposta artística de primeira orde. A súa estética xera amais un diálogo insólito co espectador que se ve inmediatamente transportado a un mundo imaxinativo que constitúe por si mesmo unha nova proposta cinematográfica. Susan Sontag comenta sobre o cartel cinematográfico: “Un cartel tende a seducir, exhortar, vender, educar, convencer, chamar a atención..., intenta captar a aquelas persoas que transiten polo seu radio de acción. (...) require que o espectador se presente por si mesmo ante el para ler o que está escrito. Un cartel reclama atención desde a distancia. Porque é visualmente agresivo”. O cartel supón unha película da película, onde o artista trata de reproducir nun anaco de papel un argumento completo de historias que deben de resumir moitos minutos de proxección. Desde hai bastante tempo ten xa a consideración de elemento artístico, presente en museos de coleccións de arte, alcanzando nas subastas especializadas cotizacións próximas ao millón de euros. A sociedade apoiou, por tanto, o seu valor artístico.

Os artistas checos conseguiron desenvolver estilos peculiares, aportando propostas innovadoras e moitas veces comprometidas alcanzando unha merecida reputación artística e creativa. A partir dos anos 60 defínese un “estilo checoslovaco” que vai dar lugar a unha auténtica Escola Checoslovaca de Carteis de Cine”. A exposición que se presenta inclúe representativos exemplos desta Escola que vai ter unha significativa influencia en diferentes países. Diversidade de propostas, lonxe dos encallamentos por xéneros dos últimos tempos, e unha impecable realización cun dominio exquisito do debuxo e a proporción, fan desta colección que se presenta unha excelente mostra, á vez que reafirman a importancia e o nivel dos carteis checos en Europa. A exposición presenta tamén traballos sorprendentes de carteis de películas estranxeiras exhibidas



en Checoslovaquia, entre elas varias españolas, que nos mostran diferentes enfoques lecturas de filmes que poidan ser o mesmo tempo tan próximos e tan afastados, segundo o tratamento que o cartelista aplicou á súa obra. Unha excelente exposición que nos permite adentrarnos no mundo do cine a través de portas e camiños sorprendentes, nunhas propostas dun gran valor artístico e emocional, que debemos agradecer ó Centro Checo de Madrid e á Galería Terryho Ponožky de Praga. O mundo do cartel ten unha faceta que desgraciadamente está desaparecendo, a do gran cartel da rúa pintado expresamente para as salas cinematográficas. Estes traballos realizados en moitas ocasións por excelentes artistas configuraron rúas e avenidas dotándoas dunha estética especial efémera e próxima que servía como reclamo para entrar no cine. Arte efémera que duraba exactamente os días da proxección da película e que era inmediatamente substituída por novas propostas que respondían a novas estreas. Os traballos desaparecían non só pola necesidade de anunciar un novo filme, senón tamén porque había que reutilizar as telas para abaratar custos...”



Historia do cartel de cine

(Extracto do libro *Poselství ulice / A mensaxe da rúa* de Josef Kroutvor)

“A comezos dos anos 90, o Cartel de Cine volveu ter un gran protagonismo ao considerarse unha creación de grande interese. Nesa época existía unha necesidade de coñecer propostas exteriores que o cine podía proporcionar. As películas da Unión Soviética seguían tendo un marcado selo do realismo socialista, pero as comedias francesas o italianas, e tamén algunhas películas americanas elixidas coidadosamente, eran un sopro de aire fresco moi ben acollido nas salas de proxeccións. Sobre todo, as películas occidentais daban pé a un maior atrevemento na creación gráfica, xa que de non estaban condicionadas antemán polas numerosas esixencias e prohibicións.

Os autores máis destacados da primeira metade dos anos 60, son, entre outros: Jiří Balcar, Karel Vaca, Karel Teissig, Bedřich Dlouhý, Zdeněk Palcr, Josef Vyleťal, Karel Machálek e Zdeněk Ziegler. A maioría deles son pintores, escultores o artistas gráficos, que aportan ao cartel unha creación máis libre.

Podemos destacar a Jiří Balcar, a quen lle gusta traballar con superficie grosa, coma rillada, polo tempo e polos procesos internos, utilizando fragmentos de escritura e signos, marcas de tipos e documentos fotográficos.


Outro dos protagonistas dos anos 60 é Karel Teissig. Nos seus cadros inclúe elementos de *collage* para resaltar o sentido da realidade ante a estilización e ilusión estética.

As posibilidades de *collage* tamén atraeron a Karel Vaca. O cartel para a película de Fellini *A Dolce Vita* do ano 1962 emprega os elementos do *collage* como ironía, poesía e humor. A paráfrase do retrato renacentista expresou perfectamente o carácter de crítica social da obra cinematográfica.

Josef Vyleťal acumula ante o espectador fetiches e símbolos do sono e da subconsciencia, creando monstros fantásticos e obxectos alucinóxicos.

Con “o fantástico” tamén xoga Karel Machálek, outro dos autores destacados de carteis de cine, que amaba o romanticismo tenebroso e a mistificación.

Tamén as raíces da creación do cartel de cine en Zdeněk Ziegler, sitúanse na primeira metade dos anos 60. A aportación de Ziegler consiste en por un sentido de orde e construción na imaxe e a escritura nun xogo poético no *collage*.



na República Checa

Os carteis de Antonín Sládek son xoguetiños, divertidos, sen filosofía. Falan cunha linguaxe clara e comprensible. O seu cartel para o lendario “Submarino Amarelo” dos Beatles do ano 1971, converteuse en algo máis ca nun cartel – era o manifesto dunha xeración.

Milan Grygar, artista gráfico con tendencias experimentais eleva considerablemente o listón da impresión estética dos carteis ante os ollos do espectador. As súas perfectas obras dan a impresión de non estar concibidas para o gran público, senón directamente para os coleccionistas.

A finais dos 60 estaba xa claro que nacera unha escola checa do cartel de cine, que se consolida nos anos 70. Amais dunha famosa escola de tenis, temos tamén unha escola gráfica á que pertencen Milan Grygar, Zdeněk Ziegler, Josef Vyletal, Olga Poláčková-Vyletalová, Karel Machálek, Antonín Sládek e Karel Teissig. O cartel de cine destaca sobre os carteis teatrais pintados e utiliza, na súa maioría, o debuxo xunto á *collage* e a fotomontaxe. A escola do cartel de cine ten éxito tamén noutros países, creando coleccionistas, estudosos e divulgadores”.

A colección de 82 carteis expostos en Santiago de Compostela forma parte da colección de carteis de cine da Galería Cinematográfica TERRYHO PONOŽKY (Os Calceríns de Terry). Esta galería forma parte das actividades dos máis importantes cines de arte de Praga: Aero e Světozor.

Todos os carteis expostos son IMPRESIÓNS ORIXINAIS dos anos indicados nas fichas adxuntas. Non se trata de copias nin de reimpresións. A colección de cine de TERRYHO PONOŽKY contén varios miles de carteis de cine orixinais e unha parte dela está en venda na páxina web da galería <http://www.terryhponozky.cz>.

O comisario da colección, Pavel Rajčan, agradece a colaboración e axuda coa realización desta exposición na Universidade de Santiago de Compostela a: os coleccionistas de carteis de cine Karel Hoder, Konstantin Korovin, Jan Jaroš e Antonín Arnold, a restauradora de carteis Eliška Slivková, Adriana Krásová e Iveta Gonzálezová do Centro Checo de Madrid, Elias J. Torres Feijó, Pilar Casas da Vicerreitoría de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela, Ignacio Palacios Martínez e Kateřina Vlasáková do Centro de Linguas Modernas da USC e ao Manuel Bermúdez do Servizo de Normalización Lingüística da USC.



CARMEN

Spezialný film
Láska je
bolestivá
v zrcadle starého
dla G. Bizeta

V hlavních rolích
Antoni Gades
a Laura del Sol
Režie: Carlos Saura
Film z KSTV, MFF Karlovy Vary



Vicerreitoría de Cultura



Vicerreitoría de Oferta Docente e
Espazo Europeo de Educación Superior
Centro de Linguas Modernas



CENTRO CHECO
ČESKÉ CENTRUM

